

[Autopoética sen título]

Pilar Cibreiro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CIBREIRO, PILAR (2011 [1987]). [Autopoética sen título]. *O vasalo da armadura de prata*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, colección Leliadoura, 7. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1268>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CIBREIRO, PILAR (1987). [Autopoética sen título]. *O vasalo da armadura de prata*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, colección Leliadoura, 7.

* Edición dispoñíbel desde o 4 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Cando xurdiron os primeiros poemas deste libro, despois de máis de dez anos en Madrí, eu era xa e para sempre un ser escindido que levaba dentro a marca de dous mundos tan opostos coma irreconciliables: o da aldea dos ancestros, orixe e nenezza toda e o da cidade presente con tódalas súas tentacións, ofrecimentos, trampas, soedade total, pero tamén liberdade do anonimato de non ser naide entre tantos que tampouco son ninguén. Non me tiña —tanto nun lado coma noutro— máis que pola extranxeira que son, e esa conciencia de exilio quizaves non era unha mala apreciación pois, ó cabo, ¿qué somos senón extranxeiros perennes uns para os outros? Digo isto porque as palabras que siguen non naceron da nostalxia senón desa constatación e da lembranza dunha paisaxe que nalgún tempo me arroteou, da memoria dalgo que coñecín e que era semellante ó amor e á harmonía. Esa lembranza e esa memoria fánseme cousa primordial, principio de todo.

Empezaba a escribir en galego e deste xeito facía unha dobre volta. Parecíame que estaba mesmo aprendendo a escribir e, fora por circunstancias persoais que non veñen ó caso, fora por eses comenzos, non podía face-lo senón cunha linguaxe despoxada de calquer artificio, en trance de medrar. Esta linguaxe é, coas imprescindibles formas engadidas, a primeira que falei e teño que agradecerlle a Pancho Franco Bañobre a súa axuda nalgunhas correccións.

Direi, para rematar, que se a lingua é a casa da alma, con este libro a miña alma voltou, por momentos, a súa casa.

PILAR CIBREIRO